

O lado salvaxe

m

Manuel Mourinho alimentou de sempre o seu lado salvaxe. Adoita amosalo nas feiras dende hai décadas, pero de súpeto todo iso pode mudar por mor do lado salvaxe da necesaria civilización. Manuel gusta de pasear pola feira de Monterroso con parsimo-

nia, vestido cun traxe escuro cerimonioso e alfombrado o seu corpo con peles de raposo. Un gorro impermeable abéirao da choiva e unhas gafas de sol dos indiscretos. O outro Manuel Mourinho, o cotián que pode atoparse en A Monxa (Antas de Ulla), tende a man dereita aberta ó visitante, míralle de fite ós ollos e se desvive por atendelo; resulta, diría, falangueiro, ata máis aló da prudencia cos descoñecidos. Manuel Mourinho alimentouse de sempre de negocios tan comúns como un restaurante, unha tenda de antigüidades ou unha carpintería, pero os locais nos que os instalaba servían como gaiolas espaciaosas para os animais que criaba. Domesticar feras é unha das obsesións das que máis goza. Segundo afirma, durante toda a súa vida, que comezou hai 55 anos na Golada pontevedresa, sentiu atracción polas cousas de tempos idos. O entorno social, que recibirá un pulo da autovía, converteu a natureza nun morea de obxectos de tempos idos; nomeadamente no seu lado máis salvaxe. Dúas década atrás, montou unha casa de comidas en Castro de Amarante (Antas de Ulla). Un cliente interesouse por un dos bufos que Manuel colocara onda o televisor. Coa intención de apreciar o traballo do taxidermista, achegouse ás aves e, cando reparou en que pestaneaban, creu ter enlouquecido. As aves chegaran ó restaurante por mediación dunha señora que confiou ó seu propietario dúas crías que achara no monte, sen valedor. "Pasaban o día xunta o televisor e a noite voando polo comedor". Manuel asegura que, cando traspasou a baiuca para marchar a outra en Monterroso, "viñeron canda min". Un amigo lle proporciona outra parella de crías. Lobas desta volta. Unha delas morreu, pero Mourinho sabía que lle quedaba outra á que intentar amansar. O proceso civilizador principiou atando a fera con unha cadea nunha nave na que Manuel traballaba. "Pero na primeira ocasión na que quedou soa, a loba cravouse os cañíños para suicidarse e atopeina nun charco de sangue". Encirrouna cun gran danés nun canil e recuperouna para a vida a base de polo e grols de leite con ovo. Cando reuniu forzas, a loba atacou ó can, "pero non o matou porque lle puxera un collar de pinchos". Os enfrontamentos, as loitas, foron mudando nunha amizade que sorprendía ós curiosos. Tamén a intrusos "que lles deron algo e os deshidrataron".

Un porcoespíño afeccionado ó leite ocupou o seu lugar na dedicación de Manuel, pero antes, ó tempo que nacía unha das súas fillas, se fixo con unha cría de golpe. "Era coma un rato. Criámolo con sobra de teta". Andaba dun lado para outro tras do seu dono ata que, cumprido un ano, empezou as escapadas. "Un veciño que mal vivía matoumo para vender a pel". Varios lustros máis tarde, hai cinco anos, Manuel empezou a comerciar tamén con esas peles "porque empezaron a pedirmas". Son os amigos cazadores quen o fornecen de peles, envíaas a curtir a Barcelona e a confeccionalas a Lalín. Manuel devece por alimentar o seu lado salvaxe vestindo un abrigo desas peles "pero non me atrevo porque iso é de mulleres, ¿non?".

JAUREGUIZAT

EL

5